

¿QUÉ É A OMC?

A **Organización Mundial do Comercio (OMC)** é un acordo entre nacións que ven a complementar a institucións xa existentes (GATT) para aumenta-lo seu poder en eidos nos que ninguén tiña competencias.

O **carácter lexislador** que se deriva destes acordos prevalece invalidando tódalas lexislacións comerciais existentes (mesmo as de ámbito nacional decididas polos distintos parlamentos). A perda de soberanía dos estados e outros acordos internacionais aumenta a medida que a OMC incide en desregularizar o mercado internacional máis aló de todo criterio ético e moral.

As **repercusións dos acordos da OMC** afectan a case tódolos ámbitos políticos e sociais, afectando a vida dos cidadáns dos máis de 140 países membros.

O poder destes acordos contrasta coa pouca lexitimidade democrática da OMC:

- O Consello Xeral (principal órgano de decisión entre cumios) concentra os poderes executivo, lexislativo e xudicial nunha soa instacia.

- A representatividade dos países (mediante votos no Consello Xeral) é proporcional a súa riqueza, priorizando así os intereses dos máis poderosos.

- O oscurantismo e a falta de transparencia en tódalas súas actuacións continúa dándolle as costas á cidadanía, o que se pon de manifesto no lugar elixido para a celebración do presente cumio: Qatar, país non democrático no que non existe dereito a manifestación nin visados turísticos para entrar no país.


ALGUNHAS CONSECUENCIAS DOS ACORDOS DA OMC

- Os países membros da OMC non poden restrinxir ou prohibi-la entrada de produtos fabricados por nenos (e mulleres) en réxime de escravitude a efectos prácticos, nin poden excluír dos concursos públicos ás empresas que impoñen este réxime, pois a OMC dictou que non se poden “discriminar” empresas nin produtos sobre a base do “modo en que” estos “se producen”.

- EE.UU. e a UE levaron a Xapón ante os tribunais da OMC porque Xapón endureceu as súa lexislación sobre emisión de contaminantes derivados do petróleo. Ó facelo, Xapón limitábase a cumprir-lo *Protocolo de Kioto o acordo marco* das Nacións Unidas sobre cambio climático.

- Outro exemplo similar e a disputa entre EE.UU. e a UE e México sobre a pesca de atúns: EE.UU. tiña unha lexislación que impedía a venda de atúns pescados con redes de deriva que matan a milleiros de golfinhos, a UE denunciou estas leis porque lle impedían vender nos mercados de EE.UU. Naquel momento aínda non existían os acordos da OMC e a denuncia non prosperou. Catro anos máis tarde, cos acordos da OMC xa vixentes, México ameazou con denunciar isto ante os tribunais da OMC e EE.UU. retirou esas leis. O Acordo sobre Comercio Internacional de Especies en Perigo de Extinción que prohíbe a súa comercialización, o Código de Conducta sobre Pesca Responsable da FAO e o Acordo de Bonn sobre Protección de Especies Migratorias, non teñen vixencia ante os dictámenes da OMC.

- O tribunal da OMC obriga os países empobrecidos ó pago as multinacionais farmacéuticas polo “dereito de propiedade” (patentes) que estas teñen sobre medicamentos vitais (especialmente sobre o sida). Impedindo así o acceso dos máis pobres a estes medicamentos a través dos xenéricos (nalgúns casos estamos a falar dunha redución de 2000 a 150 pts por dosis diaria). Este sería o caso no que se atoparon países coma Brasil, Tailandia, Sudáfrica. Israel, India,...



O ACORDO XERAL SOBRE COMERCIO DE SERVICIOS

Como consecuencia da adopción do **Acordo Xeral sobre Comercio de Servicios (AXCS)**, os países membros da OMC estarían comprometidos a “liberalizar progresivamente” os diferentes sectores dos servicios, a meirande parte deles públicos.

Tra-lo seu fracaso na **Ronda do Milenio de Seattle en novembro de 1999** (o anterior cumio da OMC), este acordo convértese no principal tema a tratar na axenda da presente xuntanza (**Qatar, novembro de 2001**). No AXCS maniféstase a constante idea da OMC de sometelo absolutamente todo a lóxica do mercado, alcanzando o seu punto máis álxido coa preparación da entrada das grandes transnacionais en sectores estratéxicos tradicionalmente públicos como: sanidade, educación, medios de comunicación, transportes, medio ambiente,...

Como conclusión poderíamos dicir que a norma suprema que motiva de xeito coherente todo-los seus acordos é a desregularización, ou dito doutro xeito, normas que rematan con todas as normas, normas para que o poder económico poida campar as súas anchas.

NO MUNDO:

Ó longo destes días haberá movilizacións en todo o mundo en protesta polo **cumio da OMC que se celebrará en Qatar dos días 9 a 13 de novembro**.

EN VIGO:

Acampa connosco na Praza de Compostela de Vigo entre o venres 2 e o sábado 10 de novembro.


Acude a concentración o sábado 10 de novembro ás 20:00 na Praza da Princesa (trae un instrumento musical).

CONVOCAN:

RCADE-Vigo (Rede Cidadá pola Abolición da Débeda Externa)

ATTAC-Galicia (Asociación por unha Tasa Tobin de Apoio á Cidadanía).

O MUNDO NON É UNHA MERCADORÍA



SUBITO

¿QUÉ É A OMC?

¿POR QUÉ UNHA PROTESTA GLOBAL CONTRA OS SEUS ACORDOS?

